

O persoal do 061 tamén é persoal estatutario: mesmos dereitos, mesmas retribucións!

Na Mesa Sectorial do 10 de febreiro, o SERGAS anunciou un **incremento no valor da hora complementaria** para o persoal médico de PAC e urxencias hospitalarias:

- +2 € por hora a partir do 1 de abril 2026
- +3 € por hora a partir do 1 de xaneiro 2027

Tamén se recoñece agora para o persoal médico de urxencias hospitalarias a **festividade da noite do venres**, unha demanda histórica que xa debía estar aplicándose desde o acordo do 20 de abril de 2023 e que tiña que estar pagándose a todo o persoal desde entón.

Pero... e o 061?

Desde CIG-Saúde deixámolo claro na Mesa Sectorial: o persoal do 061 tamén é persoal estatutario e debe ter os mesmos dereitos e as mesmas retribucións.

CIG-Saúde esiximos que estas melloras se apliquen tamén ás entidades adscritas:

- Recoñecemento inmediato das subas retributivas no 061.
- Aplicación efectiva da festividade da noite do venres.

Non imos aceptar discriminacións nin atrasos inxustificadas.

O 061 tamén é persoal estatutario. O seu persoal tamén conta.

E os seus dereitos non se negocian: cúmprense.

